

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE ORDES PARA OBRAS DE ADECUACIÓN INTERIOR PARA A IMPLANTACIÓN DE SALA DE LECTURA E CENTRO CULTURAL MULTIUSOS EN ORDES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Ordes o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Ordes para obras de adecuación interior para a implantación de Sala de Lectura e Centro Cultural Multiusos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. O Concello de Ordes pretende realizar obras de adecuación interior para sala de lectura e espazo cultural multiusos. O proxecto nace coa vocación de dotar ao municipio dunha infraestrutura cultural versátil, accesible e de servizo ininterrompido (24 horas), que complemente e amplíe as capacidades da biblioteca municipal adxacente. Con esta actuación trátase de crear unha infraestrutura cultural que permita o acceso real á cultura a todas as persoas, con independencia de onde vivan.

Por todo o anterior, o concello de Ordes é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

